

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA Á SITUACIÓN CREADA POLA SENTENZA CONTRA DO ALCALDE DE TOQUES POR ABUSOS SEXUAIS

Perante a situación creada logo da sentenza condenatoria contra do alcalde do concello de Toques por abusos sexuais a unha menor e, á vista do clima social derivado tanto do propio contido da sentenza como, fundamentalmente, da actitude adoptada polo alcalde, queremos manifestar:

- 1.-O noso rotundo rexeitamento a calquera manifestación de violencia de xénero que se produza, máxime cando, como no presente caso, existe o agravante de tratarse dunha menor.
- 2.-A nosa convicción de que diante de feitos destas características, o conxunto da sociedade debe de manter un nivel de tolerancia cero, illando tanto aos agresores como a aqueles que, por activa ou por pasiva, tratan de encubrilos.
- 3.-Xa que logo e, vindo unha actitude destas características dunha persoa que exerce un cargo de representación municipal, como Deputación ao servizo das entidades locais e dos seus representados e representadas entendemos que procede manifestar a nosa petición de dimisión do alcalde de Toques

A Coruña, 30 de xaneiro de 2004

Asdo.: Os portavoces na Deputación da Coruña.